



AFILIACIÓN Á FGC DE ENTIDADES QUE TEÑEN OS ESTATUTOS XA INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

No caso daquelas entidades que xa están inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas con un modelo de Estatutos distinto ao oficial da FGC, procederase do xeito seguinte:

1. **Verificar que nos Estatutos estea incluída expresamente a modalidade de Caza.** Se non a tiveran incluída deberán modificar os estatutos e incluír entre as súas modalidades a práctica deportiva da Caza, e dentro desta –se o desexan- poden sinalar a especialidade ou especialidades deportivas que vaian practicar.
2. Unha vez verificado que os Estatutos están adaptados á normativa vixente e que teñen incluída a modalidade de Caza, o procedemento será o seguinte:
 - a) Deben remitir á FGC unha **Solicitud de Afiliación**, debidamente cumprimentada e asinada, conforme ao modelo normalizado da FGC, mediante a que se someten á normativa, disciplina e tutela da FGC
 - b) **Xunto con esta solicitude deberán aportar a seguinte documentación:**
 - Certificado do acordo adoptado na asemblea xeral da entidade, no que se acordou inscribirse na Federación e someterse á súa normativa, disciplina e tutela.
 - Copia compulsada dos Estatutos inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas, nos que conste a modalidade de Caza, así como a Resolución ou Dilixencia de inscrición do Rexistro.
 - Copia compulsada da Resolución ou ficha de inscrición da Xunta Directiva no Rexistro de Entidades Deportivas; e relación da mesma con expresión dos cargos, datos persoais, núm. DNI, enderezo postal, tlfno., e mail

Nota: En vez de aportar as copias compulsadas, os interesados poderán aportar os documentos orixinais en cuxo caso serían cotexados pola propia federación devolvéndolle os orixinais á entidade unha vez compulsadas as copias.